

ABX

TALLER DE XOGOS COAS FAMILIAS E OS NENOS

Dentro das propostas que parten do Grupo de traballo Aprendizaxe baseado en xogos está a participación das familias nos momentos dedicados aos xogos de mesa dentro da xornada.

Na reunión de principio de curso xa comunicamos ás mesmas a intención de levar a cabo esta iniciativa e nese momento apuntamos ás familias que querían ou podían participar. Nos tres cursos de educación infantil unha parte importante das familias se amosaron interesadas e con moitas ganas de participar, algo que adoitan facer coas diferentes propostas que lles facemos ao longo do curso.



Nada máis comezar o terceiro trimestre e coa formación avanzada as convocamos a unha reunión onde falamos da importancia do xogo de mesa como recurso lúdico e educativo e altamente motivador, da vinculación do xogo co currículo e comezamos a xogar cos que previamente escollemos para os diferentes cursos.

As familias valoraron moi positivamente esta xornada e todas as sesións que estamos desenvolvendo con menos e nenas están resultando un éxito tanto para as familias como para o alumnado. En concreto para este curso realizaremos tres sesións de unha hora cada 15 días, con grupos estables de alumnado de xeito que ao remate pasen por todos os xogos e familias.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

